



A FOLLA DA CGT

Núm. 3, 11 nadal 2019

CGT

**Boletín
informativo da
Sección Sindical
Unitaria da CGT
en Navantia-Ferrol**

A carga de traballo depende da presión que fagamos os traballadores

Estanse a celebrar xuntanzas cos alcaldes dos distintos concellos da comarca, para plantearlles que colaboren no traslado da problemática ás entidades sociais e na recollida das sinaturas a entregar ó futuro goberno.

O alcalde de Ferrol confirmou as noticias de prensa aparecidas o mes pasado no senso de que a Armada non está

interesada de inmediato nun **AOR**, senón a 4 ou 5 anos vista.

Isto non é un elemento que impida a orde de construción dun novo AOR, por varias razóns:

- 1) Segue sendo unha boa opción dende o punto de vista de salvar o baleiro na carga de traballo antes do inicio das F-110 e evitar os despedimentos masivos na industria auxiliar.
- 2) Permitiría que os novos ingresos se rodasen na produción antes das fragatas.
- 3) Evitaría que a construción dese AOR se solape coa construción das **F-110**.

En calquera caso, está máis que demostrado que a cousa non vai depender das razóns que teñamos nin das xestións institucionais, senón da presión que realicemos os traballadores a través da nosa mobilización.



Calendario laboral 2020

Seguen as negociacións. A empresa acepta 5 días de libre disposición, pero, alegando razóns produtivas, propón que 2 deles se teñan que desfrutar no segundo semestre.

A contraproposta do comité foi que os 5 días se poidan desfrutar por horas ó longo de todo o ano, o que faría que a súa incidencia sobre a produción fose moito menor, posto que unha parte dese tempo se gastaría en pases.

Estamos á espera da resposta da empresa.

Se en San Fernando, onde están a tope coas corvetas saudís, tiveron este ano 8 días de libre disposición, ¿que problema pode haber para que Ferrol teña 5 días?

Despedidos por enfermarse

O Tribunal Supremo acabar de perpetrar unha grave agresión contra ós traballadores, ó dar carácter legal ó despedimento por absentismo cando a ausencia se debe a unha doenza común. Unha das primeiras empresas en aplicalo é a coruñesa **Extel**, propiedade de **Adecco**, que despediu catro traballadoras. O comité de Extel, presidido pola **CGT**, convocou unha folga de 24 horas este luns, seguida polo 100% da plantilla. Dende aquí lles enviamos todo o noso apoio.

Este tema é moi grave e esixe unha resposta tan contundente por parte de toda a clase obreira coma a que os traballadores lle están a dar estes días en Francia ó novo intento da dereita de recortar as pensións.

Visitas aleatorias de prevención

A prevención e a seguridade laboral son responsabilidade directa das empresas. Canta máis presión sindical se exerce sobre elas, máis difícil é atopar situacións que poñen en risco a integridade dos traballadores.



As situacións de risco nunha porcentaxe altísima son provocadas pola presión para rematar unha tarefa o antes posible, non porque os traballadores desfrutemos poñendo en risco a nosa vida nin a dos nosos compañeiros.

Por iso, a forma de identificar esas situacións é pasar polos centros de traballo cando as compañías auxiliares ou **Navantia** non esperen visitas.

Dende a **CGT** estamos comezando a facer visitas aleatorias, sen avisar previa-

mente a ninguén, durante a xornada ordinaria, pero tamén fóra dela.

Por exemplo, o noso delegado de prevención estivo presente o sábado 23 de novembro durante o **volteo dun bloque** no estaleiro, para ver como se facía a manobra nun día en que había alerta por temporal.

Así mesmo, xunto cun membro do comité de empresa da **CGT** estivo unha tarde no **AAOR-1**.

Estas visitas son un complemento ás visitas periódicas (varios días por semana) que estamos a facer pola zona do Estaleiro, que é a que temos asignada.

Novos ingresos

Despois de case un mes sen noticias da empresa, está convocada unha reunión para este venres ás 7:30.

Horas sindicais

Incluímos na relación do mes de novembro a **Arturo Llago** e **Carmen Sixto**, os dous delegados de sección sindical elixidos pola **CGT** e que nos corresponden por lei en función da plantilla e de superar o 10% dos votos nas eleccións sindicais.

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Xaquín Gª Sinde	81,5	Día 5. 8:00-11:30. Recollida sinaturas Marcide	6	87,5
		Día 6. 10:00-12:30. Recollida sinaturas Narón		
Javi Losada	47	Día 6. 10:00-12:30. Recollida sinaturas Narón	4	51
		Día 8. 12:00-13:30. Xuntanza permanentes comités FN-FE en Fene		
Benito Segade	30,25	Día 5. 8:00-11:30. Recollida sinaturas Marcide	3,5	33,75
Carmen Sixto	7,5			7,5
Arturo Llago	18,75			18,75
TOTAL	185		13,5	198,5



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

